



Grao en Comercio

Procedemento de matrícula en
materias optativas
Curso 2022-2023



Facultade de Comercio

PROCEDIMIENTO DE MATRÍCULA EN MATERIAS OPTATIVAS FACULTADE DE COMERCIO

CURSO 2022/2023 – GRAO EN COMERCIO

1. Preinscripción nas materias optativas (véxase o ANEXO I)

Antes de que se abra o prazo de matrícula para o curso 2022/2023, o alumnado de continuación que desexe matricularse nas materias optativas no Grao en Comercio deberá realizar unha preinscripción entre os días 5 e 12 de xullo. A devandita preinscripción consistirá, dependendo da situación na que se atope o alumnado:

- a) En cumprimentar un Formulario electrónico que se poderá atopar na Secretaría Virtual, para o alumnado do Grao en Comercio da Facultade de Comercio de Vigo.
- b) En cumprimentar un Formulario que se poderá atopar na páxina web ou na Secretaría de Alumnado da Facultade de Comercio e que poderá enviarse por correo electrónico, para os estudantes procedente doutros centros que teñan previsto trasladarse ou cambiarse no Curso Académico 2022/2023 ó Grao en Comercio da Facultade de Comercio de Vigo (ANEXO II).

En ambos os dous casos, o alumnado deberá indicar en primeiro lugar o número máximo de créditos de materias optativas nas que desexa matricularse (máximo 36 créditos), e a continuación deberá escoller as materias concretas, indicando a preferencia entre elas.

É obrigatorio que o alumnado indique a orde de preferencia entre todas as MATERIAS OPTATIVAS, independentemente do número máximo que desexe cursar. De non ser así, arriscaríase a que non queden prazas vacantes das materias optativas da súa preferencia no mes de setembro, segundo o procedemento de asignación descrito a continuación.

O alumnado que xa se matriculara dunha materia optativa en cursos anteriores e non a teña superada non deberá facer a solicitude de preinscripción nestas materias (poden matricularlas directamente).

2. Procedemento de asignación das materias optativas

O procedemento de asignación ao alumnado das materias optativas realizarase a terceira semana de xullo, concluíndo cunha Resolución do Decanato do centro onde aparecerá a listaxe de materias optativas que lle foron asignadas a cada estudante.

O alumnado poderá coñecer a Resolución coa asignación das materias a través da Secretaría Virtual, ou consultando o taboleiro de anuncios da Facultade, onde se publicarán os resultados do proceso de asignación de materias optativas antes do período de matrícula para o Curso Académico seguinte (período que se abre en agosto).

O procedemento de asignación rexerese polos seguintes criterios, aplicados segundo a orde de prelación que se sinala:

1. Nota media do expediente en base 10, calculada tendo en conta ata as actas de cualificacións do primeiro cuadrimestre e da convocatoria ordinaria (Xuño) do segundo cuadrimestre do Curso Académico actual. No caso do alumnado de intercambio propio no Curso Académico anterior (SICUE, ERASMUS, etc.) e dos traslados doutros Centros, a

nota media se calculará tendo en conta soamente as cualificacións que consten nese momento no seu expediente académico.

2. No caso de empate aplicando os criterios anteriores terá preferencia a/o estudante con maior número de matrículas de honra; honra; no caso de persistir o empate aplicarase este mesmo criterio por orde descendente de cualificación.
3. O procedemento deberá asegurar que todos/as solicitantes obteñen praza no número de créditos optativos que solicitaron. Por elo, no caso de que a asignación directa por orde de prelación do total de créditos solicitados por cada estudante levara a que no se puideran asignar todos os créditos solicitados a todos/as os estudantes, levarase a cabo unha reasignación de estudantes a materias. Dita reasignación rexerase polos seguintes criterios: farase de maneira que afecte ó menor número de estudantes posible; reasignaranse en primeiro lugar aos/ás estudantes con menor prelación; e respectarase a preferencia dos estudantes sempre que sexa posible, e sempre e cando permita que todos/as os estudantes poidan matricularse dos créditos que solicitan.

3. Prazas vacantes

Poden quedar prazas vacantes en todas ou en algunha/s materia/s optativa/s:

- como consecuencia do proceso de asignación de materias optativas levado a cabo no mes de xullo
- se, unha vez asignadas as prazas no mes de xullo, o alumnado admitido non formaliza a matrícula das mesmas no mes de agosto.

O alumnado poderá coñecer as prazas vacantes das distintas materias optativas se as houbese a partires de setembro do seguinte Curso Académico, a través da Secretaría Virtual, ou consultando o taboleiro de anuncios da Facultade.

Só poderán prescribirse das materias optativas con prazas vacantes en setembro:

- c) As/os estudantes que non se prescribieran de ningunha materia no mes de xullo.
- d) As/os estudantes que si se prescribiron no mes de xullo, pero que no mes de agosto non formalizaron a matrícula de ningunha optativa. Neste caso, abondaría con que a/o estudante formalizase a matrícula en agosto dunha soa das materias optativas para quedar excluída/o do proceso preinscrición do mes de setembro.

O alumnado que cumpra os anteriores requisitos e desexe matricularse de materias optativas con prazas vacantes no mes de setembro deberá realizar unha preinscrición entre os días 9 e 11 de setembro de 2022. Dita preinscrición consistirá en cumprimentar un Formulario electrónico que se poderá atopar na Secretaría Virtual.

O procedemento de asignación ao alumnado das materias optativas vacantes realizarase antes do 15 de setembro, concluíndo cunha Resolución do Decanato da Facultade onde aparecerá a listaxe de materias optativas con prazas vacantes que lle foron asignadas a cada estudante. O procedemento de asignación rexerase polos criterios reflectidos no punto 2 deste procedemento.

O alumnado que sexa admitido no mes de setembro, como consecuencia do proceso de asignación de prazas vacantes, disporá unicamente do prazo establecido para modificacións de matrícula de materias do 1º e 2º cuatrimestre para matricularse de dita/s materia/s. Non poderá matricularse en ningunha outra data de modificación de matrícula.

4. Modificación de datas

A Comisión Permanente poderá actualizar as datas e o límite de prazas deste procedemento e informará de tales actualizacións aos membros da Xunta de Centro.

ANEXO I.- INFORMACIÓN RELATIVA AS MATERIAS OPTATIVAS

Para acadar o Título do Grao en Comercio, o alumnado terá que superar 36 créditos de materias optativas. Segundo a memoria do Título de Grao da Facultade de Comercio, as materias optativas son as seguintes:

Código materia	Nome	Créditos	Límite Prazas ¹	Cuadrimestre	Curso
V06G270V01703	Combinacións de negocios	6	35	1º cuat.	4º
V06G270V01705	Habilidades persoais, directivas e comerciais	6	70	1º cuat.	4º
V06G270V01707	Investigación operativa na empresa comercial	6	35	1º cuat.	4º
V06G270V01806	Comercio electrónico: Elementos informáticos	6	70	1º cuat.	4º
V06G270V01708	Técnicas de investigación social	6	35	2º cuat.	4º
V06G270V01802	Investigación de mercados	6	70	2º cuat.	4º
V06G270V01803	Economía internacional	6	70	2º cuat.	4º
V06G270V01807	Idioma para a comunicación internacional: Inglés ²	6	70	2º cuat.	4º
V06G270V01809	Idioma para a comunicación internacional: Alemán ²	6	35	2º cuat.	4º

O Centro garantizará que a/o estudante se poida matricular no Curso Académico de todos os créditos optativos necesarios para acadar o Título de Grao en Comercio.

¹ O número de prazas poderase modificar en función do número final de preinscritos.

² As optativas de Inglés e Alemán son excluíntes. So podrá solicitarse una delas.

ANEXO II.- PREINSCRIPCIÓN DE MATERIAS OPTATIVAS

Este formulario só terá que cumprimentalo o alumnado procedente doutros centros que teña previsto cambiarse ou trasladarse no Curso Académico 2022/23 á Facultade de Comercio de Vigo. Unha vez cumprimentado, a/o estudante poderá remitilo en formato electrónico à Secretaría de Alumnado da Facultade de Comercio de Vigo (fc.secretaria@uvigo.es) coa data límite de 12 de xullo de 2022.

D./ Dna., con DNI
correo electrónico e teléfono

FAI CONSTAR QUE:

1º.- O número máximo de créditos de materias optativas nas que desexo matricularme no Curso Académico 2022/23 é de –a/o estudante indicará o número entre 6 e 36 no cadro-:

2º.- Solicita a admisión por orde de preferencia nas seguintes materias –aconséllase numerar do 1 ó 8 (sen repetir) segundo a súa preferencia TODAS as materias ofertadas -

Orde de preferencia (1-8)	Nome	Cuadri.	Núm.Créd.
	Combinacións de negocios	1º cuat.	6
	Habilidades persoais, directivas e comerciais	1º cuat.	6
	Investigación operativa na empresa comercial	1º cuat.	6
	Comercio electrónico: Elementos informáticos	1º cuat.	6
	Investigación de mercados	2º cuat.	6
	Economía internacional	2º cuat.	6
	Inglés. Idioma para a comunicación internacional ¹	2º cuat.	6
	Alemán. Idioma para a comunicación internacional ¹	2º cuat.	6
	Técnicas de investigación social	2º cuat.	6

En Vigo, a.....de..... de 2022

Asdo.:

DIRIXIDO A SRA/SR. DECANO/A DA FACULTADE DE COMERCIO.

¹ As optativas de Inglés e Alemán son excluíntes. So poderá solicitarse una delas.